

# XVIII Día da Bicicleta

**Domingo, 24 de setembro de 2006**

O **XVIII Día da Bicicleta** queremos que siga sendo unha home-naxe a este vehículo tan popular, tan entrañable para pequenos e maiores. Trátase de sacar a bici á rúa e dar un paseo pola cidade. **Non é unha competición**, é simplemente o feito de pasear polas rúas de Santiago nunha xornada de convivencia e lecer.

## Participantes

Poderán participar todas as persoas que o desexen recomendándose que sexan maiores de 7 anos.

## Inscricións

Todos os participantes que se inscriben con antelación poderán facelo no **Departamento de Relacións Externas (Planta Baixa) do Centro Comercial Compostela** ou no **Departamento de Deportes** no Estadio de San Lázaro.

Só se admitirá unha inscrición por persoa. A non participación na carreira ou a duplicidade da inscrición anulará automaticamente a participación no sorteo.

## Prazo de inscrición

O prazo de inscrición remata o día **23 de setembro**, sábado, ás **22:00** horas.

## Sorteo de agasallos

Ao finalizar a proba, os que se inscribiron previamente no Centro Comercial Compostela ou no Departamento de Deportes, participarán no sorteo de bicicletas, cascos, mochilas e outros materiais relacionados co mundo das bicis.

A persoa agraciada deberá estar presente na Praza do Obradoiro así como estar en posesión do seu impreso numerado no momento do sorteo. De non cumprirse estes requisitos realizarase o sorteo de novo.

## O mesmo día

Os participantes que se inscriban o mesmo día da carreira, poderán facelo ás **10:00 horas, na propia liña de saída**, Rúa do Restollal, na fachada principal do Centro Comercial Compostela. Todos os inscritos recibirán un agasallo.

**HORA DE SAÍDA: 11.00 HORAS**  
**LUGAR:**  
**CENTRO COMERCIAL COMPOSTELA**  
**(HIPERCOR)**

## PERCORRIDO

**Saída do Paxonal** (fronte ao hiperacor), Amor Ruibal, Hórreo, Praza de Galicia, Fonte de San Antonio, Virxe da Cerca, Porta do Camiño, Rúa Ramón del Valle Inclán, Colexio La Salle, San Roque, Santa Clara, Basquiños, San Caetano, Camiño Francés, Rúa de París (Fontiñas), Rúa de Londres, Rúa Dublín, Avda. de Lugo, rotonda Bernardo Barreiro, Curros Enríquez, Santiago de Guayaquil, República do Salvador, Alfredo Brañas, República Arxentina, Praza Puente Castro, Hórreo, Senra, Porta Faxeira, Rúa do Pombal, Galeras, Salvadas, Vista Alegre, Avda. de Castelao, Burgo das Nacións, Xoan XXIII, San Francisco e **Praza do Obradoiro**.

A organización pode modificar este percorrido se fora preciso.

## CHARLA COLÓQUIO

**Venres 22, ás 18.00 h.**

**CENTRO COMERCIAL COMPOSTELA**  
**"Presente e futuro do ciclismo"**

Coa presenza de:

**D. DAVID BLANCO**, corredor profesional e gañador da Volta a Portugal 06

**D. PEDRO MACÍA**, campión de España cadete de fondo en Carretera.

**D. GUILLERMO FERNÁNDEZ**, director deportivo do Clube Ciclista Muebles Compostela.

## ENTRADA GRATUÍTA

**NOTA:** É imprescindible a presentación deste impreso numerado para a retirada do agasallo na zona de chegada (ou saída no seu caso).

# XVIII DÍA DA BICICLETA

Santiago, domingo 24 de setembro de 2006

## FOLLA DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos.....

Enderezo.....

Data de nacemento.....

## INFORMACIÓN

Departamento de Deportes  
do Concello de Santiago

**Teléfono: 981 528 730**

## PATROCINAN

CENTRO COMERCIAL  
**COMPOSTELA**

### Tiendas

El Corte Inglés

HIPERCOR



## Recomendacións

A organización do **XVIII DÍA DA BICICLETA**, agradece a súa participación ao tempo que desexa lembrarlles unhas **normas básicas** para o mellor desenvolvemento da nosa festa da bicicleta:

**Imos dar un paseo** en bici pola cidade, non se trata dunha competición.

**Aconséllase o uso do casco** para unha maior seguridade persoal.

**Para un mellor desenvolvemento** da marcha, non se debe saír dos límites marcados pola organización.

**Será responsabilidade de cadaquén**, calquera percance que suceda por circular en zonas que non se inclúan dentro do percorrido oficial sinalado.

**Teña precaución**, unha marcha de centos de ciclistas rómpese ás veces e hai moitos cruces que poden permitir a incorporación doutros vehículos. Siga con moita atención as instrucións da Policía Local, Protección Civil e dos colaboradores do Club Ciclista Compostelán e Moto Club Compostela.


**Lémbrese que se algún participante** marcha desagrupado deberá de cumprir coa normativa de circulación.

**Sexa respectuoso** cos demais participantes, lembre que pode atoparse desde un neno de curta idade, a persoas que habitualmente non usan a bicicleta e teñen pouca práctica sobre ela.


**Non haberá servizo** de reparación de bicicletas.

### Colaboran

Club Ciclista Compostelán.  
Cruz Vermella.  
Policía Local e Protección Civil.  
Moto Club Compostela.  
Tussa.



24 DE SETEMBRO  
**XVIII  
DÍA DA  
BICICLETA**  
SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Departamento de Deportes